

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Visto que con data 15 de outubro de 2019 a Concelleira de Ensino, Eventos, Saúde e Consumo do Concello de Ponteareas, D^a Cristina Fernández Davila, emite Proposta que entre outros extremos recolle o seguinte:

“*INFORMA,*

- *Con data do 9 de outubro de 2019 a Profesora de Linguaxe Musical adscrita ao Conservatorio “Reveriano Soutullo”, Mónica Viro Porto, presenta unha Incapacidade Laboral Transitoria por enfermidade.*
- *Nese intre está sendo substituída polo resto do profesorado a conta de horas de garda, pero a maioría deles son de especialidade diferente á profesora de baixa.*
- *Esta ausencia afecta a grupos moi numerosos e as súas familias demandan que se repoñan canto antes as clases con persoal especializado.*
- *Hai que ter en conta ademáis que esta situación estase a dar ao comenzo do curso escolar, afectando directamente na evolución e base da materia non impartida para o resto do curso.*

PROPOÑO,

1. *Que tendo esta Concellería a responsabilidade do bo funcionamento do Conservatorio de Música “Reveriano Soutullo” e da Escola Municipal “Vila do Corpus”, ámbolos dous centros públicos municipais dependentes do Concello de Ponteareas, e tratarse dun Servizo básico que depende do profesorado adscrito para a impartición das clases lectivas e tratándose dunha profesora que ten o 100% da xornada, este Servizo non se pode anular nin aprazar, sendo prioritario e que afecta ao funcionamento dos servizos públicos municipais, se contrate a un profesor/a coa especialidade de LINGUAXE MUSICAL, a fin de substituír á profesora antes citada mentras está en situación de ILT, utilizando as listaxes de substitución existentes no Departamento de Persoal.*
2. *En caso de que as persoas inscritas na listaxe de substitucións na especialidade de Linguaxe Musical non estiveran dispoñibles, activar o procedemento necesario para acadar unha nova listaxe de xeito urxente.”*

Visto que na actualidade esta lista conta con dúas persoas atopándose, as mesmas, en situación de reserva ou excluídos/as.

Visto que o artigo 30.-Selección do persoal temporal, do Convenio Colectivo do Persoal Laboral ao servizo do Concello de Ponteareas, establece: “cando excepcionalmente e en función da duración do seu contrato, non existan listas ou así se estableza nas bases da convocatoria, acudirase para a provisión da vacante ao Servizo Galego de Colocación.”



Esta Alcaldía en base as competencias establecidas pola Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

RESOLVO,

Primeiro.- Aprobar unha nova convocatoria para a presentación de instancias no prazo de 20 días naturais a partir da data de publicación no BOP, na categoría de Profesor de Linguaxe Musical, segundo as bases aprobadas por Xunta de Goberno de data 20 de marzo de 2017, co fin da confección da Lista de contratacións para a praza de Profesor de Linguaxe Musical.

Segundo.- Unificar a lista resultante do proceso selectivo e a existente nunha soa lista de substitucións na categoría de Profesor de Linguaxe Musical, na que a orde de prelación final vira determinada pola puntuación obtida por cada aspirante en calquera dos dous procesos.

Terceiro.- Ante a urxencia da contratación, presentar, simultaneamente, ante o Servizo Público de Emprego, oferta de emprego para a contratación dunha praza de Profesor de Linguaxe Musical cuxo obxecto do contrato é a cobertura da Incapacidade Temporal de D^a Mónica Viro Porto, dacordo cos criterios recollidos nas Bases Xerais e Específicas da bolsa de emprego de Profesor de Linguaxe Musical, que a continuación se relacionan:

“1.- REQUISITOS PARA PARTICIPAR

1.- Os requisitos a continuación enumerados, serán imprescindibles para o acceso a praza.

a.- Ter nacionalidade española ou ser nacional de algún Estado membro da Unión Europea, ou ser o seu cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito ou ser descendentes dos primeiros ou do cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores dependentes, ou ser persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola comunidade europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos do Art. 57.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto do Empregado Público, así como aqueles estranxeiros con residencia legal en España e posúan o dereito de acceso sen limitación o mercado laboral.

b.- Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas, polo que non se deberá padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

c.- Ter cumpridos dezaseis anos, e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

d.- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación



absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para acceso a corpos ou escalas de funcionarios. No caso de ser nacional de outro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmo termos o acceso a función pública.

e.- Estar en posesión da titulación esixida

| | |
|------------------|--|
| Linguaxe Musical | Profesor Superior de Solfexo, Pedagogía musical ou equivalente |
|------------------|--|

f.- Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na Lei 53/84, do 26 de decembro, de incompatibilidade de persoal ao Servizo das administración públicas, e do Real Decreto de desenvolvemento 598/85, do 30 de abril.

g.- Non ter sido condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos, conforme establece o artigo 13.5 da Lei 26/2015, do 28 de xullo, de Modificación do Sistema de Protección á Infancia e á Adolescencia, na aqueles postos que así se especifique.

3.- En relación ao acceso ao emprego público de persoas con discapacidade, deberá achegar, acreditación documental do grao de discapacidade esixido (igual ou superior ao 33%), e no momento da contratación certificación expedida polo órgano competente da Administración Autonómica da compatibilidade da discapacidade co desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo.

2.- PROCEDEMENTO SELECTIVO

O procedemento selectivo será a través de concurso,

BAREMO DO CONCURSO:

Concurso:

*a) **Formación** na praza obxecto da convocatoria, cun máximo de 4 puntos, nos seguintes termos:*

a.1) Por cursos relacionados coas funcións propias da categoría segundo o baremo seguinte:

- Cursos de 20 horas a 39 horas: 0,30 puntos.*
- Cursos de 40 horas a 59 horas: 0,50 puntos.*
- Cursos de 60 horas a 99 horas: 0,75 puntos.*



- Cursos de 100 horas a 149 horas: 1 punto.
- Cursos de máis de 150 horas: 2 puntos.

Neste apartado a puntuación máxima será de 3 puntos.

a.2) Coñecemento da lingua galega. A puntuación máxima en este apartado será de 1 punto, e só se valorará a puntuación máis alta, non sendo acumulables entre si.

- 1.- Pola realización do curso de lingua galega oral, ou Certificado de lingua galega 1 (Celga1), ou presentación da validación do mesmo, de acordo co establecido na orde de 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (D.O.G. 30/07/2007) : 0,25 puntos.
- 2.- Pola presentación do Certificado de lingua galega 2 (Celga2), ou presentación da validación do mesmo, de acordo co establecido na orde de 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (D.O.G. 30/07/2007) : 0,5 puntos.
- 3.- Pola realización do curso de iniciación da lingua galega, ou Certificado de lingua galega 3 (Celga3), ou presentación da validación do mesmo, de acordo co establecido na orde de 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (D.O.G. 30/07/2007) : 0,75 puntos.
- 4.- Pola realización do curso de perfeccionamento da lingua galega, ou Certificado de lingua galega 4 (Celga4), ou presentación da validación do mesmo, de acordo co establecido na orde de 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (D.O.G. 30/07/2007) : 1 punto

b) **Experiencia.** A puntuación máxima nesta base será de 5 puntos valorándose a experiencia na praza obxecto da convocatoria, similar ou superior categoría nos seguintes termos:

- 0,20 puntos por cada mes de experiencia acreditado na administración pública, en praza de igual ou similar categoría á da convocatoria.
- 0,10 puntos por cada mes de experiencia acreditado na empresa privada, en praza de igual ou similar categoría á da convocatoria.

No caso de empate final na puntuación entre os aspirantes, este resolverase a favor de aquel que teña maior puntuación seguindo a orde de puntuación do proceso selectivo, de manterse o empate desfarase seguindo a orde alfabética, comezando pola letra establecida na Resolución da Consellería de Facenda de 24/01/2019 pola que se fai público para o ano 2019 o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da administración da



comunidade autónoma de Galicia, (DOGA 5/02/2019), polo que os desempates que deriven desta selección empezarán por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra “ Q ”.

3.- TRIBUNAL

Os membros do tribunal cualificador serán designados por Resolución da Alcaldía, segundo o disposto no art. 4, parágrafos e) e f) do Real decreto 896/91, do 7 de xuño, así como artigo 60 do Real Decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro. Artigo 48 do Decreto Lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais de Comunidade Autónoma de Galicia en Materia de Igualdade.

2) O tribunal cualificador estará integrado por cinco membros titulares e cinco suplentes, sendo a súa composición a seguinte: presidente, secretario e tres vogais, tendo en conta á paridade entre homes e mulleres.

Os membros dos órganos de selección deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

Cuarto.- Dar conta desta Resolución os departamentos de Intervención, Tesourería e Persoal.

Quinto.- Que se proceda á publicación no BOP do anuncio de aprobación da nova convocatoria para a presentación de instancias, na categoría de Profesor de Linguaxe Musical, segundo as bases aprobadas por Xunta de Goberno de data 20 de marzo de 2017, co fin da confección da Lista de contratacións para a praza de Profesor de Linguaxe Musical, segundo o establecido no punto 3 das Bases aprobadas por Xunta de Goberno de data 20 de marzo de 2017.

Sexto.- Contra esta resolución que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, artigos 124 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ou ben recurso contencioso – administrativo perante o Xulgado do Contencioso – Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses, segundo o artigo 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso – Administrativa.

Ponteareas, documento asinado electronicamente.

O Alcalde,

Xosé Represas Giráldez

